

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-03

PARTE 1 (Texto oral)

A continuación, vai vostede ver dúas veces seguidas unha reportaxe sobre o cambio climático. Tome as notas que precise.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ Como se chama?▪ A que se dedica?▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/aldea/vila...▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p><i>(Se procede)</i></p> <ul style="list-style-type: none">▪ Canto tempo leva en Galicia? Gústalle?▪ Que diferenzas atopa entre Galicia e a súa cidade de orixe?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido da reportaxe.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Segundo a reportaxe, cales son as causas principais do cambio climático?▪ Que evidencias existen do cambio climático?▪ Cales son os seus efectos?	
3. EXPOSICIÓN	4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p>A. “O quecemento da Terra polas emisións de gases de efecto invernadoiro é irreversible.”</p> <p>B. “As medidas preventivas poden axudar a paliar os riscos dos efectos do cambio climático.”</p> <p>C. “O desenvolvemento industrial e económico actual da sociedade é incompatible co coidado do medio ambiente.”</p>	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

“O quecemento da Terra polas emisións de gases de efecto invernadoiro é irreversible.”

- Considera que o coidado do medio debe ser prioritario, mesmo por diante do desenvolvemento industrial e económico?
- Que lle suxire a expresión “desenvolvemento sostible”?
- Cre que realmente existe cambio climático ou estamos simplemente perante oscilacións meteorolóxicas de carácter cíclico e sen maior importancia?
- Coida que pode haber alguén beneficiándose do cambio climático?
- *(Se procede)* De que evidencias do cambio climático se fala no seu lugar de orixe? Coinciden coas que se mencionan na reportaxe?

OPCIÓN B

“As medidas preventivas poden axudar a paliar os riscos dos efectos do cambio climático.”

- Cre realmente que o cambio climático xa é irreversible ou que aínda sería posible poñerlle remedio?
- Cales son as previsións dos efectos do cambio climático en Galicia?
- Cales cre que poden ser as consecuencias máis graves do cambio climático?
- Cre que este tema está sendo utilizado con fins económicos ou políticos?
- *(Se procede)* De que evidencias do cambio climático se fala no seu lugar de orixe? Coinciden coas que se mencionan na reportaxe?

OPCIÓN C

“O desenvolvemento industrial e económico actual da sociedade é incompatible co coidado do medio.”

- Considera que as medidas que poidan tomar os particulares son importantes para paliar o efecto do cambio?
- Que medidas particulares considera vostede máis importantes?
- Que peso debe ter e como debe ser tratado este tema nos programas educativos?
- Non pensa que está a ser sobrevalorado, que o cambio é algo natural?
- *(Se procede)* De que evidencias do cambio climático se fala no seu lugar de orixe? Coinciden coas que se mencionan na reportaxe?